



## BECAS E AXUDAS PARA O ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO 2023/24

Coa data 26 de abril do 2023 publicouse no BOE o *Extracto da Resolución do 20 de abril de 2023, da Secretaría de Estado de Educación, pola que se convocan axudas para alumnos con necesidade específica de apoio educativo para o curso académico 2023-2024.*

As familias cubrirán, tal como indica a convocatoria, exclusivamente as **solicitudes vía web** a través da sede electrónica do Ministerio de Educación con prazo ata o **20 de setembro** inclusive.

Poderán solicitar as axudas "o alumnado que presenten necesidades educativas especiais derivadas de:

- discapacidade,
- trastornos graves de conduta
- trastornos graves da comunicación e da linguaxe asociada a necesidades educativas especiais
- Así mesmo, poderán solicitar ditas axudas o alumnado con Trastorno do Espectro Autista e
- o alumnado con necesidade específica de apoio educativo asociado a Altas Capacidades.

Esta convocatoria inclúe como **novidade** un subsidio para gastos adicionais de carácter xeral derivados da escolarización de estudantes con necesidades específicas de apoio educativo, que terá un importe de **400 euros**, que se sumará ás cuantías que xa figuraban en convocatorias anteriores, resultando un incremento adicional das axudas. Esta axuda diríxese ao alumando que presentan necesidades educativas especiais derivadas de discapacidade, trastornos graves de conduta, trastornos graves da comunicación e da linguaxe, trastornos do espectro autista e altas capacidades intelectuais.

Os **umbrais de renta** e patrimonio están especificados na convocatoria. Toda a información e as explicacións para realizar a solicitude están na seguinte ligazón: <https://www.becaseducacion.gob.es/becas-y-ayudas/ayudas-apoyo-educativo/como-solicitarla.html>

Despois de cubrir e pechar a solicitude:

1. hai **imprimila en papel e asinala**.
2. Así mesmo, no **gabinete psicopedagóxico** ao que acode o voso fillo/a terán que cubrir, selar e asinar o seu apartado dos documentos impresos da solicitude.
3. Posteriormente, **debedes pedir cita** para entregar no **Departamento de Orientación do colexio** onde o alumnado vai estar matriculados no curso 2023-2024. Coa solicitude hai que presentar a seguinte documentación :

- diagnóstico médico do Sergas,
- certificado do número da conta bancaria do alumno/a,
- certificado de discapacidade
- título de familia numerosa.
- fotocopia dni de toda a familia

Podedes comprobar a documentación requerida no seguinte enlace:

<https://www.becaseducacion.gob.es/becas-y-ayudas/ayudas-apoyo-educativo/que-necesitas.html>

Así mesmo, podedes consultar toda a información da convocatoria no seguinte enlace:

<https://www.educacionyfp.gob.es/servicios-al-ciudadano/catalogo/general/05/050140/ficha/050140-2023.html>